

REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 03.05.2018 Hora: 10:30

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 3 de maio de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 21849 (10/POC-003499)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis
Sobre o balance da primeira edición de Conecta Fiction
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018
- 1.2 27329 (10/POC-004427)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dende o inicio do curso 2017-2018, para o cumprimento do acordo parlamentario referido á posta en marcha dunha plataforma informática para a elaboración das programacións didácticas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato destinada a todos os centros docentes da comunidade autónoma, o seu grao de desenvolvemento actual e o prazo previsto para a súa plena operatividade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 277, do 15.03.2018
- 1.3 27845 (10/POC-004493)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa presenza e co uso da lingua galega no ensino universitario, o desenvolvemento dalgún estudo ao respecto e, se é o caso, a evolución que presentan nos últimos anos, así como as medidas adoptadas para o seu impulso, de conformidade coa normativa vixente en materia lingüística
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018

Punto 2. Propositions non de lei

- 2.1 26869 (10/PNC-002073)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre a remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia, ao Concello de Monterrei e á Plataforma en Defensa do Castelo de Monterrei dun informe completo cos resultados das catas arqueolóxicas levadas a cabo na súa contorna

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018

- 2.2 28011 (10/PNC-002195)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para cumprir o artigo 15 da Lei 52/2007 e retirar o nome da "Rúa do Caudillo" en Beade (Ourense)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018
- 2.3 28418 (10/PNC-002236)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Gómez Salgado, Carlos e 7 máis
Sobre o inicio polo Goberno galego dos traballos para a realización dun estudo respecto das características senlleiras dos entroidos tradicionais de Galicia, como paso previo á incoación do procedemento para a súa declaración progresiva como ben de interese cultural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 287, do 04.04.2018
- 2.4 28483 (10/PNC-002243)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Orde do 5 de marzo de 2018, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se ratifica a extinción da Fundación Padroado das Colonias Escolares de Covelo, no concello da Lama
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 287, do 04.04.2018
- 2.5 29193 (10/PNC-002311)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa estancia en centros educativos de Galicia dos menores galegos que residen no estranxeiro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018



| |
|---|
| PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL SAÍDA |
| 25 ABR. 2018 |
| Núm. 9011 |

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2018

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Antonio Mouriño Villar na data 25/04/2018 17:29:10

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA** POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidente

Carlos Enrique López Crespo

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

Teresa Egerique Mosquera

P

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Moisés Rodríguez Pérez

P

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 03.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 03.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 21849(10/POC-003499)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre o balance da primeira edición de Conecta Fiction

Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2017 12:50
Nº Rexistro: 21849
Data envío: 27/12/2017 12:50:57.743

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez e Martín Fernández Prado, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

O pasado mes de xuño, entre os días 20 e 23, tivo lugar a primeira edición de Conecta Fiction.

Conecta Fiction presentouse como un evento promovido maioritariamente pola Xunta de Galicia en colaboración con ICEX España Exportación e Inversiones e a Fundación SGAE, co obxectivo de situar a Galicia e a Santiago de Compostela no mapa dos mercados internacionais audiovisuais, e neste caso en concreto, no ámbito da coprodución de series de ficción televisiva entre Europa e América.

Durante os días de celebración tivemos a oportunidade de ver en prensa galega e nacional noticias relacionadas que daban conta das numerosas cadeas de televisión, empresas produtoras e demais profesionais que asistiron a Conecta Fiction, así como dos proxectos presentes neste mercado.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Un mes despois do peche da primeira edición de Conecta Fiction, ¿podería realizar un balance dos resultados acadados e dicirnos si se cumpriron as expectativas previstas inicialmente?
2. Cal foi o número total de asistentes?
3. Cantos países estiveron representados?
4. Cantas canles de televisión nacionais e internacionais asistiron en calidade de inversores?



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2017 12:50
Nº Rexistro: 21849
Data envío: 27/12/2017 12:50:57.743

5. Cal é a estimación do número de proxectos que se presentaron neste mercado, tanto a través da convocatoria oficial como fóra da mesma?
6. Cal é o volume de negocio estimado?
7. Houbo anuncios de relevancia no ámbito da produción de series de ficción para televisión?
8. Cal foi o impacto en prensa xeral e especializada, nacional e internacional?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 27/12/2017 11:24:37

César Manuel Fernández Gil na data 27/12/2017 11:24:49

Maria Antón Vilasánchez na data 27/12/2017 11:24:52

Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2017 11:24:58

Carlos Enrique López Crespo na data 27/12/2017 11:25:07

Antonio Mouriño Villar na data 27/12/2017 11:25:14

Moisés Rodríguez Pérez na data 27/12/2017 11:25:21

Martín Fernández Prado na data 27/12/2017 11:25:27

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 03.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 27329(10/POC-004427)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dende o inicio do curso 2017-2018, para o cumprimento do acordo parlamentario referido á posta en marcha dunha plataforma informática para a elaboración das programacións didácticas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato destinada a todos os centros docentes da comunidade autónoma, o seu grao de desenvolvemento actual e o prazo previsto para a súa plena operatividade

Publicación da iniciativa, 277, 15.03.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2018 18:09
Nº Rexistro: 27329
Data envío: 05/03/2018 18:09:45.246



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

No Pleno celebrado o día 25 de xaneiro de 2017 foi aprobada a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dunha plataforma de elaboración das programacións didácticas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato para todos os centros docentes da comunidade autónoma de Galicia.

Na dita proposición, o texto aprobado establece que: “*O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a ampliar ás etapas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato a liña emprendida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en formación profesional, poñendo, á maior brevidade posible, un conxunto de instrumentos e ferramentas informáticas, que permitan a elaboración das programacións didácticas acorde co modelo curricular vixente.*”

Con data 10 de marzo de 2017, e dada a transcendencia que este grupo parlamentario considera que ten a cuestión, foi rexistrada unha pregunta (co número de entrada 6425) sobre as accións que tiña iniciado a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para acadar as finalidades previstas no texto aprobado.

Conscientes da dificultade da posta en marcha da dita plataforma, dificultade vinculada en gran medida á toma de decisións sobre o modelo e non ao soporte técnico ou informático preciso, este grupo parlamentario non formulou a pregunta na Comisión 4ª celebrada o día 1 de xuño de 2017.

Na dita comisión, o Sr. director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa informou das reunións mantidas e dos avances experimentados.



 **Grupo Parlamentario**

Transcorrido máis dun ano da aprobación en pleno da iniciativa, parece necesario coñecer o estado actual dos avances, así como a perspectiva temporal de posta en funcionamento da plataforma en cuestión.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que accións ten desenvolto, desde o inicio deste curso 2017/2018, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para acadar as finalidades previstas no texto aprobado?

2ª) Que grao de desenvolvemento se ten acadado ata este momento?

3ª) En que momento considera a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que a plataforma estará plenamente operativa para o seu uso por parte dos centros educativos desta comunidade autónoma?

Pazo do Parlamento, 5 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/03/2018 17:50:04

Maria de la Concepción Burgo López na data 05/03/2018 17:50:11

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 03.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 27845(10/POC-004493)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa presenza e co uso da lingua galega no ensino universitario, o desenvolvemento dalgún estudo ao respecto e, se é o caso, a evolución que presentan nos últimos anos, así como as medidas adoptadas para o seu impulso, de conformidade coa normativa vixente en materia lingüística

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre usos lingüísticos docentes no ensino superior en Galiza.

No anunciado Plan de excelencia do SUG o Goberno da Xunta de Galiza prevé introducir unha serie de medidas entre as que se atopa a creación de grupos en determinadas titulacións académicas nos que o 80% dos créditos obrigatorios sexan impartidos en inglés.

Esta medida, a implementar no curso 2018/2019, pon o foco na realidade sociolingüística galega e os usos lingüísticos docentes que actualmente se dan no noso país.

Neste senso, só a USC a través do seu Servizo de Normalización Lingüística elabora de maneira anual un informe sobre os usos lingüísticos docentes. Nos gráficos correspondentes ao curso 2017/2018 evidénciase que a presenza da lingua galega nas aulas por parte do profesorado é minoritaria (23%) fronte ao castelán (74,9%) en todos os niveis, isto é, nos graos e nos mestrados.

Alén diso, a UDC ten publicado, no ano 2005, un estudo titulado O galego na Universidade da Coruña tamén arredor do uso da lingua propia do país. Ao igual que



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2018 17:55
Nº Rexistro: 27845
Data envío: 13/03/2018 17:55:32.658

no caso anterior, o estudo reflicte que apenas o 9% do persoal docente e investigador se dirixe ao alumnado en galego da mesma maneira que o alumnado declara maioritariamente preguntar só en castelán nas aulas (77%).

Esta realidade non é nova. No Plan Xeral de Normalización Lingüística (2004) xa se sinalaba como debilidade o feito de ser o ensino superior un espazo moi castelanizado e moi refractario á presenza normal da lingua. Razón pola cal o Plan prevé unha serie de medidas encamiñadas a normalizar o uso do galego neste espazo.

– 2.1.41. Crear unha comisión estable, coa participación da Xunta de Galicia e das universidades galegas, que se encargue de propoñer e coordinar a política lingüística universitaria en Galicia.

– 2.1.42. Incrementar a edición e difusión de bibliografía en galego nas diferentes áreas de coñecemento, especialmente no caso das materias dos primeiros cursos universitarios.

– 2.1.43. Promover a edición de vocabularios, glosarios e dicionarios nas áreas de coñecemento nas que persisten carencias significativas.

– 2.1.44. Promover a edición de libros científicos en galego, tanto edicións orixinais coma traducións doutros idiomas.

– 2.1.45. Insistir, desde os servizos lingüísticos das universidades, na oferta de cursos de formación en lingua galega, con especial atención ás necesidades lingüísticas das distintas áreas de coñecemento e ás necesidades do alumnado e profesorado foráneo.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2018 17:55
Nº Rexistro: 27845
Data envío: 13/03/2018 17:55:32.658

– 2.1.46. Establecer, de acordo coas universidades, o voluntariado lingüístico universitario.

Así pois, malia que a Xunta de Galiza ten claras as medidas que adoptará para promover o uso do inglés no ensino superior, descoñecemos se pensa desenvolver algunha para que a lingua galega goce tamén de maior prestixio e uso no ámbito académico.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión :

- Que valoración fai o Goberno galego da presenza e uso da lingua galega na universidade?
- Cales cre son as razóns para un baixo uso da lingua galega na docencia?
- Ten desenvolvido o Goberno galego algún estudo sobre usos lingüísticos no ensino superior alén dos datos que ofrece algunha das universidades galegas?
- De ser así, cal é a evolución do uso nos últimos anos? Aumenta ou redúcese?
- Que medidas ten adoptado o Goberno galego para promover o uso do galego, de acordo co Plan Xeral de Normalización Lingüística e a Lei de Normalización Lingüística?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2018 17:55
Nº Rexistro: 27845
Data envío: 13/03/2018 17:55:32.658

- Cre a Xunta de Galiza que a progresiva implantación do inglés pode restar espazos á lingua galega no ensino superior?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/03/2018 17:54:13

María Montserrat Prado Cores na data 13/03/2018 17:54:17

Ana Pontón Mondelo na data 13/03/2018 17:54:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/03/2018 17:54:20



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2018 17:55
Nº Rexistro: 27845

Data envío: 13/03/2018 17:55:32.658

Noa Presas Bergantiños na data 13/03/2018 17:54:21

Xosé Luis Bará Torres na data 13/03/2018 17:54:23

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 03.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 03.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 26869(10/PNC-002073)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre a remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia, ao Concello de Monterrei e á Plataforma en Defensa do Castelo de Monterrei dun informe completo cos resultados das catas arqueolóxicas levadas a cabo na súa contorna

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 13:54
Nº Rexistro: 26869
Data envío: 23/02/2018 13:54:43.624

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, relativa á situación do Castelo de Monterrei e da calzada das súas inmediacións e as medidas a adoptar nos próximos meses por parte da administración galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os últimos anos, malia a oposición veciñal da Plataforma en Defensa do Castelo de Monterrei, entre outros colectivos da comarca, e de numerosas entidades coma o Consello da Cultura Galega ou a Academia Galega de Belas Artes, cos respectivos informes críticos, e malia os reparos da xustiza, concreouse a cesión por parte da Xunta de Galiza do Castelo de Monterrei a Paradores de Turismo S.A para a súa explotación hoteleira.

O informe elaborado polo Consello da Cultura, no que participaron numerosos expertos en patrimonio, en historia, antropoloxía, arquitectura, todas persoas con contrastado prestixio na materia concluíu, entre outras consideración que debía revisarse o destino para uso hoteleiro dunha parte do actual edificio do Castelo. Así mesmo, outras entidades e tamén o propio Bloque Nacionalista



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 13:54
Nº Rexistro: 26869
Data envío: 23/02/2018 13:54:43.624

Galego alertou en diferentes ocasións da deficiente catalogación deste ben patrimonial e a necesidade de que, con carácter previo a calquera actuación e/ou intervención, debera establecerse cal é a figura de protección máis acaída así como unha planificación previa das posibilidades de uso con base ás necesidades de protección tendo en conta o alto valor patrimonial do castelo, da fortaleza e tamén da calzada que o enlaza co centro de Monterrei.

Nos últimos meses foron xurdindo diferentes novas nos medios de comunicación a respecto da situación da calzada, os traballos de cata arqueolóxica así como as necesidades de obra para a subministración de servizos ao Parador. Cómpre salientar que durante este tempo o goberno galego caracterizouse pola opacidade e a falta de información.

As novas aparecidas na prensa informaron primeiramente do peche do parador a comezos de febreiro de 2018 por obras na calzada, que cómpre recordar que ten tamén un importante valor patrimonial. Nesas semanas existiu información contraditoria emanada pola propia empresa xestora hoteleira que non esclarecía a duración do peche nin as súas causas. Así mesmo, tívose noticia dunha reunión no territorio afectado o pasado 22 de febreiro da que non consta información da Xunta de Galiza.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 13:54
Nº Rexistro: 26869
Data envío: 23/02/2018 13:54:43.624

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a remitir ao Parlamento Galego, ao Concello de Monterrei e á Plataforma en Defensa do Castelo de Monterrei un informe completo cos resultados derivados das catas arqueolóxicas levadas a cabo na contorna.”

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/02/2018 13:47:04

María Montserrat Prado Cores na data 23/02/2018 13:47:09



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 13:54
Nº Rexistro: 26869
Data envío: 23/02/2018 13:54:43.624

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/02/2018 13:47:12

Olalla Rodil Fernández na data 23/02/2018 13:47:13

Xosé Luis Bará Torres na data 23/02/2018 13:47:15

Ana Pontón Mondelo na data 23/02/2018 13:47:21

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 03.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 28011(10/PNC-002195)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para cumprir o artigo 15 da Lei 52/2007 e retirar o nome da "Rúa do Caudillo" en Beade (Ourense)

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 17:25
Nº Rexistro: 28011
Data envío: 15/03/2018 17:25:08.462



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.^a**, relativa ao cumprimento da Lei de Memoria Histórica en Beade (Ourense).

Exposición de motivos

A Lei de Memoria Histórica, incumplida en moitas ocasións dende que foi promulgada o 31 de outubro de 2007, fala no seu artigo 15 dos símbolos e os monumentos. "As administracións públicas, no exercicio das súas competencias, tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura".

Aos 10 anos e catro meses da Lei, o Estado non asumiu aínda o amparo ás vítimas do franquismo, como denunciou o relator de Dereitos Humanos da ONU. Cremos que unha sociedade democrática ten que rematar con todas as "reminiscencias" para ter rúas e avenidas libres do fascismo. As vilas, edificios oficiais, cemiterios, fachadas de vivendas e municipios teñen que ser máis xustas e dar pasos cara a "verdade, a liberdade e a reparación das vítimas". Xa nos tarda.

Malia todo, o seguinte punto matiza que iso " non será de aplicación cando as mencións sexan de estrita lembranza privada, sen exaltación dos enfrontados, ou cando concorran razóns artísticas, arquitectónicas ou artístico-relixiosas protexidas pola lei".



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 17:25
Nº Rexistro: 28011
Data envío: 15/03/2018 17:25:08.462



A Lei de Memoria Histórica obriga a cambiar os nomes franquistas das paredes e organismos. Os máis comúns son Avenida del Generalísimo ou José Antonio Primo de Rivera. O franquismo estampou a súa pegada por xalundes. No caso de non cumprir a legalidade, deberan ir ante da Fiscalía. Ou a Fiscalía debera actuar de oficio.

O que hoxe traemos a este Parlamento non só atenta directamente contra a Lei da Memoria Histórica. En Beade (Ourense) aínda existe a Rúa do Caudillo. Este nome é incompatible co espírito constitucional. Isto é burla á base legal do proceso de restitución ás vítimas e familiares dunha memoria amputada durante toda a ditadura e 42 anos da restauración monárquica constitucional. Isto é unha aldraxe de carácter “fascista, autoritaria e antidemocrática”.

Non se entende como non só desaparecen todos os símbolos, se non que se alardea, evidente anomalía democrática. Porén, solicitamos medidas xustas e oportunas, que deberan contar co apoio incondicional de todos/as os demócratas, encamiñadas a suprimir os elementos de división entre a cidadanía e –como sinala a propia lei– “a fomentar a cohesión e solidariedade entre as diversas xeracións en torno aos principios, valores e liberdades constitucionais”.

Por todo isto, o grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a cumprir o artigo 15 da Lei 52/2007 e retirar o nome da “Rúa do Caudillo” en Beade (Ourense).

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Luca Chao Pérez,

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputadas do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 17:25
Nº Rexistro: 28011
Data envío: 15/03/2018 17:25:08.462

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/03/2018 17:15:11

Luca Chao Pérez na data 15/03/2018 17:15:17

Luis Villares Naveira na data 15/03/2018 17:15:25

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 03.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 28418(10/PNC-002236)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Salgado, Carlos e 7 máis

Sobre o inicio polo Goberno galego dos traballos para a realización dun estudo respecto das características senlleiras dos entroidos tradicionais de Galicia, como paso previo á incoación do procedemento para a súa declaración progresiva como ben de interese cultural

Publicación da iniciativa, 287, 04.04.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2018 12:41
Nº Rexistro: 28418
Data envío: 23/03/2018 12:41:56.913

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Carlos Gómez Salgado, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Moisés Rodríguez Pérez, Carlos López Crespo e Martín Fernández Prado**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos:

O Entroido en Galicia, responde a celebración popular dunha expresión etnográfica e cultural que ven de tempos pretéritos.

Esta realidade, variada e fondamente arraigada na poboación como feito identitario e diferenciador, e unha das causas que fan que as celebracións e rituais do entroido chegaran ata os noso días sen grandes modificacións nin cambios, tanto en canto o xeito das escenificacións dos cerimoniais, herdados e transmitidos de xeración en xeración, cuanto as formas que se conservan sen alteracións significativas na morfoloxía das mascarar e traxes, así como nas actitudes dos personaxes portadores das coñecidas carautas, singulares e características de cada zona xeográfica, concello ou mesmo parroquia.

Boteiros, Pantallas, Peliqueiros, Cigarróns Vellaróns, Felos, Bonitas, Danzantes, Mecos, Osos, Touros, Mázcara, Volantes, Madamas e Galáns, Choqueiros, Labardeiros, Xenerais... e un longo etc., conforman unha singularidade única en Europa, con un incuestionable atractivo, que fai, que cada vez mais intensamente, sexan un reclamo cultural, etnográfico e turístico, razón pola que nos últimos anos, moitas destas festas vanse acoñecendo a declaracións de festas de interese turístico, ben sexa local, autonómico, estatal ou mesmo Internacional, na procura duna maior difusión e promoción.

Para protexer e poñer en valor, nomeadamente, o mais enxebre, e o mais xenuinamente singular das tradicións galegas como son os rituais, os personaxes, os traxes, as máscaras ou a gastronomía, e preciso amparar os Entroidos tradicionais Galegos baixo a protección dun - BEN DE INTERESE CULTURAL- (BIC).

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2018 12:41
Nº Rexistro: 28418
Data envío: 23/03/2018 12:41:56.913

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que, como paso previo ao inicio do procedemento para a súa declaración progresiva como Ben de Interese Cultural (BIC), comece os traballos para a realización dun estudo sobre as características senlleiras dos Entroidos tradicionais de Galicia”.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/03/2018 12:38:42

Carlos Gómez Salgado na data 23/03/2018 12:38:53

César Manuel Fernández Gil na data 23/03/2018 12:39:03

Antonio Mouriño Villar na data 23/03/2018 12:39:10

Maria Antón Vilasánchez na data 23/03/2018 12:39:17

Teresa Egerique Mosquera na data 23/03/2018 12:39:24

Moisés Rodríguez Pérez na data 23/03/2018 12:39:34

Carlos Enrique López Crespo na data 23/03/2018 12:39:41

Martín Fernández Prado na data 23/03/2018 12:39:50

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 03.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 28483(10/PNC-002243)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Orde do 5 de marzo de 2018, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se ratifica a extinción da Fundación Padroado das Colonias Escolares de Covelo, no concello da Lama

Publicación da iniciativa, 287, 04.04.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2018 12:29
Nº Rexistro: 28483
Data envío: 26/03/2018 12:29:01.476



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

Onte mesmo, a Corporación Municipal de A Lama aprobaba por unanimidade unha moción conxunta de rexeitamento á extinción da “*Fundación Padroado das Colonias Escolares de Covelo*”, que fundara altruistamente Manuel Barreiro Cavanelas, e de apoio á continuidade da mesma.

A decisión foi secundada pola veciñanza da parroquia de Covelo, representado pola Asociación de Veciños de Laxedo, quen impugnará a recente Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os motivos desta impugnación son, evidentemente, velar polos intereses das persoas veciñas e pola preservación dun patrimonio que lle corresponde ao pobo, sendo conscientes tamén de que cómpre poñer os medios necesarios para facer rexurdir a fundación e rematar coa situación de abandono actual.

O complexo (duns 40000 metros cadrados) require dunha profunda rehabilitación, tendo como obxectivo destinalo a fins educativos, de ocio e de formación medioambiental xuvenil.

Cando menos resulta curioso que o alcalde de A Lama, do Partido Popular e que goberna A Lama con maioría absoluta, semella que non tiña noticia algunha da orde da Xunta de Galicia nin de que o padroado da fundación acordara que os bens e dereitos resultantes da liquidación fosen destinados ao concello.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a deixar sen efecto a Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 5 de marzo de 2018, pola que se ratificou a extinción da “*Fundación Padroado das Colonias Escolares de Covelo*”, no concello de A Lama, acordando a continuación da mesma.

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/03/2018 12:21:47

Maria de la Concepción Burgo López na data 26/03/2018 12:21:53

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/03/2018 12:21:58

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/03/2018 12:22:06

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 03.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 29193(10/PNC-002311)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa estancia en centros educativos de Galicia dos menores galegos que residen no estranxeiro

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 17:31
Nº Rexistro: 29193
Data envío: 10/04/2018 17:31:15.289



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez** e ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Comisión**, sobre estancias educativas de nenas e nenos galegos que residen no exterior.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 3 da Constitución establece a obrigaón de todos os españois de coñecer a lingua española, ademais de sinalar aos poderes públicos como garantes da educación dos cidadáns españois.

Na mesma liña, o Estatuto de Galicia, establece, no seu artigo 5 que:

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispoñerán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior, sinala a responsabilidade do Estado e as comunidades autónomas para que os residentes españois no exterior conten cunha adecuada atención educativa e insta a que se facilite a súa integración no sistema educativo español.



Esta mesma lei reconece na súa exposición de motivos que, no movemento de retorno acaecido nos anos 80 coa chegada da democracia, “a pesar de que este proceso ten lugar nun contexto económico favorable para España, non se adoptaron as medidas necesarias para atender integralmente ao devandito retorno” e establece unha serie de pautas e obrigacións para que as Comunidades Autónomas coordinen plans integrais de retorno que “permitan coordinar actuacións para un mellor e máis eficaz aproveitamento dos recursos públicos, garantindo o regreso a España nas condicións máis favorables”.

Nese senso cabe entender a Lei de galeguidade, a Lei 7/2013, de 13 de xuño. Lei, que no artigo 57 establece:

A Comunidade Autónoma de Galicia promoverá medidas de apoio nos ámbitos educativo, laboral e social que favorezan o retorno a Galicia dos galegos e galegas residentes no exterior e facilitará a súa integración na sociedade galega nos termos que regulamentariamente se determinen.

Segundo os datos publicados polo INE o pasado 20 de marzo do presente ano, a data do 1 de xaneiro de 2018, 154.312 persoas nadas en Galicia atópanse agora vivindo no estranxeiro. Delas 2287 teñen menos de 16 anos. Cifra que aumentaría a 53.193 se sumamos tamén a todas as que naceron fóra. Todos e cada un deses nenos e nenas sufrirán, do mesmo xeito que os adultos, o sentimento de dobre pertenza ou o sentimento apátrida, o desarraigamento da súa terra de orixe. É máis, en moitos casos estas nenas e nenos non chegarán a coñecer a súa terra, Galicia, nin a nosa lingua, nin a nosa riqueza cultural e, a duras penas, coñecerán aos seus familiares.



Unha nena ou un neno que crece sen coñecer a terra na que naceu ou a terra na que creceron os seus pais e onde está a súa familia directa, non sentirá nunca interese nin necesidade de retornar a ela, pois será unha terra na que non ten ningunha contorna emocional que lle sexa propia.

Galicia ten unha débeda moral coas familias que se viron obrigadas a deixar a nosa terra e a obriga de facilitarlles o retorno, sempre que estes así o quixesen. Se, no específico, falamos dos menores que se viron obrigados a emigrar ou que xa naceron fóra, dita obrigación resulta necesaria xa que estes nenos non decidiron irse, pero si poden decidir volver.

Porén, a día de hoxe, o Goberno galego non ten desenvolvido unha soa medida de apoio específico ao retorno infantil nin á atención da infancia e mocidade emigrada.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Que se elimine o requisito de empadramento para nenos de nacionalidade española que residan no estranxeiro para estancias en centros educativos de Galicia dunha duración mínima dunha semana e máxima de tres semanas, non suxeitas a avaliación.
2. Que a adxudicación de centro, para estas estancias, se realice tendo en conta as prazas vacantes nos centros públicos próximos ao lugar de residencia dos familiares directos do menor, así como as características lingüísticas do país de acollida do menor.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 17:31
Nº Rexistro: 29193
Data envío: 10/04/2018 17:31:15.289

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 10/04/2018 17:16:08

Luis Villares Naveira na data 10/04/2018 17:16:18